

Os socialistas de Folgoso do Courel denuncian os incumprimentos da alcaldesa do PP sobre a residencia da terceira idade

A alcaldable do PSOE lembra que “Lola Castro, prometera durante as eleccións municipais do 2011, que se ela continuaba sendo alcaldesa o municipio contaría con este centro de maiores, pero a día de hoxe, nada se sabe del”

Para Carmen Álvarez “é unha falta de respecto aos veciños e veciñas de Folgoso, xa que por acadar un rédito electoral adquire compromisos que sabe que nunca vai cumprir”

FOLGOSO DO COUREL, 6 DE MAIO DE 2015.- A candidata socialista de Folgoso do Courel – Carmen Álvarez- vén de denunciar publicamente os incumprimentos das promesas electorais da alcaldesa, a popular Lola Castro, no relativo á residencia da terceira idade.

Segundo explica a alcaldable do PSOE, “a política do PP prometera durante as eleccións municipais do 2011 que se ela continuaba sendo alcaldesa o municipio contaría con este centro de maiores, pero a día de hoxe, nada se sabe del” e engade, “é unha falta de respecto aos veciños e veciñas de Folgoso, xa que por acadar un rédito electoral adquire compromisos que sabe que nunca vai cumprir, fallando á lexitimidade de goberno aportada pola cidadanía co seu voto”.

Para Carmen Álvarez, “estes feitos non fan máis que amosar as diferenzas á hora de gobernar entre os socialistas e os populares”. “Mentres á candidata do PP échese a boca con promesas que sabe que vai incumprir, co único obxectivo de manterse outros catro anos máis no poder, nós apostamos por un proxecto que atenda ás verdadeiras necesidades dos veciños e veciñas de Folgoso. Presentamos un programa baseado na realidade do municipio, aberto a todos e que xestione dun xeito xusto, equitativo e eficaz os recursos do Concello “, concluíu.

Incumprimentos dos Gobernos do PP

Pero, segundo lembran os socialistas de Folgoso, os incumprimentos cos maiores da provincia veñen tamén por parte da Xunta de Galicia, xa que asumira antes dos anteriores comicios municipais o compromiso para o concerto de prazas nos centros da terceira idade. Lugo é, despois de Ourense, a provincia galega con menor número de prazas públicas, algo que está a afectar enormemente o despoboamento do rural.